

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vistas as Bases Xerais para a confección de listas de contratación temporais de persoal laboral aprobadas por Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2017, así como Bases Específicas para prazas de persoal de diferentes categorías aprobadas na mesma Xunta de Goberno, e publicadas no BOP nº 85 de data 4 de maio de 2017. Así como o Texto Consolidado das Bases Xerais para a confección de listaxes de contratacións e nomeamentos con carácter temporal no Concello de Ponteareas, publicado anuncio no BOPPO nº 193 de data 5 de outubro de 2018 (Bases publicadas na páxina web e no taboleiro de anuncios en data 22 de maio de 2018)

Vista a Resolución de Alcaldía, de data 29 de outubro de 2019, pola que se aproba una nova convocatoria para a presentación de instancias na categoría de Profesor/a de Linguaxe Musical, publicado anuncio no BOPPO nº 226.

Vista a lista provisional de admitido/as e excluídos/as para confección de listaxes de contratacións temporais para prazas de persoal laboral categoría profesor/a de música, especialidade linguaxe musical, de data 26 de decembro de 2019, onde Vanesa Lacambra Pano é excluída por non presentar o Anexo I.

Vista a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a confección de listaxes de contratacións temporais para prazas de persoal laboral categoría profesor/a de música, especialidade linguaxe musical, de data 24 de xaneiro de 2020, volvendo a resultar excluída por non presentar no prazo sinalado para a emenda de defectos ou alegacións.

Visto que con data 27 de febreiro de 2020 e número de rexistro 2020-E-RE-603, Vanesa Lacambra Pano presenta Recurso de Potestativo de Reposición contra a lista definitiva de data 24 de xaneiro de 2020, alegando que *“o día 30 de decembro de 2019, dentro do prazo de dez días para a emenda de defectos ou alegacións, foi enviado un escrito de emenda xunto co Anexo I debidamente cumprimentado e asinado, mediante o Rexistro da Xefatura Territorial do Mar de Lugo (...) Entrada 3573/RX2574450, con data 30/12/2019 13:18:56”* e solicitando a inclusión na lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, para elo achega copia de emenda da lista provisional e o Anexo I.

Visto que Dona Vanesa Lacambra Pano presentou en prazo a emenda de defectos á lista provisional, achegando así a solicitude de corrección onde figura o número de rexistro e a data de presentación así como o Anexo I e comprobado que presentou a emenda en prazo.

Visto que con data 06/03/2020 mediante rexistro electrónico número 2020-S-RE-1096, se lle concede a dona Natalia Fernández Suárez un prazo de 10 días para que formule as alegacións que estime oportunas, segundo o artigo 118 Lei 39/2015 que indica *“Cuando hayan de tenerse en cuenta nuevos hechos o documentos no recogidos en*



el expediente originario, se pondrán de manifiesto a los interesados para que, en un plazo no inferior a diez días ni superior a quince, formulen las alegaciones y presenten los documentos y justificantes que estimen procedentes”, non obtendo resposta algunha por parte da mesma.

Esta Alcaldía, en base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

- 1.- Estimar o recurso presentado presentado por dona Vanesa Lacambra Pano.
- 2.- Modificar a lista definitiva de admitidos e excluidos, quedando a lista definitiva de admitidos e excluidos da seguinte maneira:

CATEGORÍA: PROFESOR DE MÚSICA, ESPECIALIDADE LINGUAXE MUSICAL

ADMITIDOS

APELIDOS	NOME	DNI
FERNÁNDEZ NUÑEZ	NATALIA	***5946**
LACAMBRA PANO	VANESA	***0777**

EXCLUIDOS

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
IGLESIAS GONZÁLEZ	XESUS XOSE	***9716**	1; 2
VÁZQUEZ MOUZO	JUAN ANTONIO	***1408**	2;3

- 2.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web: www.ponteareas.gal

3.-Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdición

Expe. 7937/2019



contencioso-administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.”

Ponteareas, documento asinado electrónicamente

O Alcade

Xosé Represas Giráldez

Expe. 7937/2019



Cod. Validación: T2EQTD29M6YTZLP7P4RJF5D52 | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión esPublico | Páxina 3 a 3